



AS T.I.C. NA EDUCACIÓN

Marita Vilar Armas. Orientadora

Un dos retos que teñen as institucións educativas consiste en integrar as aportacións destas canles informativas nos procesos de ensinanza aprendizaxe.

As utilizacións das TIC como recurso didáctico ten unhas vantaxes e tamén inconvenientes.

Vantaxes: Facilita o traballo individual, acceso a moita información, é unha fonte de recursos de todo tipo, resulta motivadora para o alumnado, mantén a atención, desenrola a iniciativa... Podemos dicir que é un novo recurso educativo cheo de posibilidades.

Entre os inconvintes que presenta podemos citar: Os alumnos poden perderse na sobreabundancia de información, pérdese moito tempo buscando información, a adición desmesurada a navegar por internet, pode provocar ansiedade nalgúns alumnos, dispersión ante tanta información, aillamento e problemas de sociabilidade, cansazo visual e problemas posturais...

Seguirá sendo necesario saber ler, escribir, calcular... pero todo se complementará coas habilidades e destrezas necesarias para o uso das tecnoloxías, aproveitando as posibilidades didácticas que ofrecen para lograr que os alumnos realicen mellores aprendizaxes e reducir así o fracaso escolar. O profesor segue sendo unha figura clave que non se pode substituír por ningunha tecnoloxía.

O noso centro dispón dunha aula de informática conectada a internet a que teñen acceso tódolos alumnos do centro. Dispón tamén de recursos de apoio á aprendizaxe para as diversas áreas. Úsanse os programas clic, de uso gratuito, para fins educativos e son utilizados para realizar sinxelas aplicacións didácticas polo profesorado sen necesariamente ter coñecementos de programación. Dende o centro, ensínase a familiarizarse cos ordenadores e aprender o seu manexo.



As TIC son unha ferramenta de aprendizaxe integrada no traballo das diferentes áreas curriculares ao longo das diferentes etapas educativas. Hoxe en día, no estudo en profundidade de calquera tema, as fontes documentais de carácter tecnolóxico adquiren unha especial relevancia. A escola debe dar unha formación en consonancia con esta realidade social e preparar cidadáns competentes para a integración na sociedade da información. Tendo en conta o papel das TIC na sociedade, a escola debe acercarse aos alumnos a esta realidade, intentando sacarlle o maior proveito para producir aprendizaxes significativas.

Nas mans dos profesores e dos pais está ensinarlles a usar correctamente as novas tecnoloxías en xeral e evitar o seu abuso. A utilización desmesurada das novas tecnoloxías en tempo pode tornarse nunha dependencia e adición, sobre todo cando se antepón a facer os deberes, deixar de lado os estudos, xogar cos amigos... Esta adición pode ser ao teléfono móbil, a internet ou aos videoxogos.

¿Cómo se pode identificar a adición

ás novas tecnoloxías? Cando unha persoa ten unha adición a calquera das tecnoloxías, segundo o profesor Elisardo Becoña, da Universidade de Santiago, podemos observar:

- Que se incrementa o seu illamento. Deixa de lado os estudos e as relacións cos amigos.
- Deteriorase o proceso de socialización e de adaptación ao ambiente.
- Que deixan ver un estado de ánimo peor.

- A súa autoestima se resente naqueles aspectos da vida que non teñen que ver co manexo das tecnoloxías.
- Que o rendemento académico se doe, e o alumno fracasa.
- Que se reducen outras actividades necesarias para o seu crecemento, como lecer, estudar e relacionarse.
- Que presenta maiores problemas físicos e psicolóxicos. A veces come menos e dorme peor, despreocúpase no vestir.
- Mostra unha maior conflictividade cos pais, o que orixina conflitos familiares, pelexas, desobediencias, castigos. É un dos aspectos que mellor delata esta problemática.
- Descoida actividades de ocio, os seus amigos, saír cos pais, etc.

¿Cómo se pode axudar aos nenos a saír desta adición?

Primeiro decatarse de que teñen unha adición. Os pais son un elemento clave no momento de buscar unha solución. Primeiro cuantifique o tempo que pasa con eles e logo negocie con el un plan de horarios que teñan en conta o resto das actividades necesarias para o seu benestar e o da familia. Establezan prioridades nas actividades diarias e semanais. Sexa flexible e dealle alternativas para que poida elixir. O plan pode ser modificable pero é necesario ser firmes na súa aplicación. Se non acepta o acordado, séntese de novo con el, escoite e comprenda o seu punto de vista. Co seu exemplo, estalle ensinando a ser flexible e a expresar o seu descontento sentados, falando das alternativas. En definitiva, estalle ensinando a regular as súas emocións e o seu comportamento. A restrición do acceso, control dos cartos que teñen e as saídas, facilita o control e pode solucionar. Buscar outras actividades que lle permitan estar mellor ca antes, alternativas gratificantes. O que é evidente é que tanto se pode caer nunha adición como saír dela. Nas nosas mans está, alumnos, profesores e pais.

Publicidade

ALFAGUARA
Obradoiro

Santillana
Seguimos avanzando

Documento
Oxford
Pocket
Para entusiastas de English

Oxford
Pocket
Gente

GRUPO ANAYA

XERAIS

EDELVIVES